

MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, IMPULSO E DIFUSIÓN DO SECTOR DA BIOMASA EN GALICIA.

A Xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Clúster da Biomasa de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto materializar a colaboración entre as partes para o deseño e posta en marcha dunha serie de accións que permitan desenvolver e consolidar ao sector e impacten de maneira significativa na mellora da calidade de vida dos habitantes de Galicia, así como na competitividade das empresas galegas facilitando a súa necesaria transformación dixital e ecolóxica, mediante o fomento do uso da biomasa local, potenciando a autosuficiencia Enerxética.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

O Clúster da Biomasa de Galicia constitúese ao amparo da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, sendo os seus fins dar resposta aos retos do sector e impulsar o uso das enerxías renovables, ademais de identificar as necesidades que contribúan á diversificación do sector enerxético en Galicia, a través de proxectos de cooperación público-privados.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido e que o interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada.

O Inega colaborará co Clúster no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio cunha achega de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2026, segundo o cadro seguinte:

Concepto	Orzamento 2026	Aportación INEGA	Aportación Clúster
1. Nova Web do Observatorio de Biomasa e migración dos contidos.	18.000,00 €	16.200 €	1.800,00 €
2. Actividades de difusión e comunicación	27.000,00 €	24.300 €	2.700,00 €
3. Mantemento, mellora e difusión do catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia. Inclusión no Observatorio	5.000,00 €	4.500 €	500,00 €
TOTAL	50.000,00 €	45.000,00 €	5.000,00 €

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar o obxectivo dun desenvolvemento sostible e de mitigación do cambio climático a través da transformación dos actuais modelos enerxéticos para consolidar unha economía baixa en carbono.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xerente,

Silvia Cortiñas Fernández

